

# ORQUESTRA DE **CARTÓN**



**FOLLA DE RUTA**



# SON DE ALTA TENSIÓN



## ODE5

# QUE IMOS A FACER?

Na quinta unidade é a quenda dos instrumentos de corda. Coñeceremos os diferentes tipos dentro desta familia, xunto cos principais integrantes presentes nunha orquestra sinfónica. Afondaremos na relación entre o son e as propiedades dos materiais, e ademais elaboraremos o noso propio cotidiáfono... a “rubber band guitar” empregando elementos reciclados.





# QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais na elaboración do cotidiáfono:

- Caixa de cartón pequena e depresor de madeira ou similar
- Gomas elásticas resistentes (opcionais de cor)
- Tixeiras, pegamento de barra e silicona termofusible
- Lapis, témperas de cores e punzón





